

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIP CANOSA-RUS

NIVEL: 4º Educación Primaria

ÁREAS: Matemáticas, Lingua galega, Lingua castelá, CCSS, CCNN, VVSSCC e Plástica

DATA: 12 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establécense os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis para as diferentes áreas que compoñen o currículo, relacionando estes entre si, e coas competencias clave e os obxectivos xerais da etapa.

Debido a que a relación entre os diferentes elementos xa queda establecida no currículo, a continuación presentamos unicamente os estándares de aprendizaxe que son considerados mínimos e imprescindibles para superar as diferentes áreas, relacionados coas competencias que avaliará cada un deles.

En **letra grosa contemplamos os estándares que xa foron avaliados nos 1º e 2º trimestres (non se volverán a avaliar)** e en letra normal os que seguirán sendo reforzados e repasados e ampliados no 3º trimestre.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
ÁREA de LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.	CCL CAA CSC
LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	CCL
LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	CCL CAA
LCB3.3.2. Reproduce textos ditados sen moitos erros	
LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.	CCL
LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade.	CCL
LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade.	CCL CAA
LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.	CCL

ÁREA de LINGUA GALEGA E LITERATURA	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións...).	CCL CAA CSIEE
LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións ...	CCL CAA CD
LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.	CCL CSC
LGB2.6.2. Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.	CCL
LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado ... en calquera soporte.	CCL CAA CD
LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	CCL CAA

ÁREA de CIENCIAS DA NATUREZA	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
CNB1.1.2 Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	CCL CMCCT CD
CNB3.3.1 Identifica as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno.	CMCCT CCL
CNB2.1.1 Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia.	CMCCT
CNB3.2.1 Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación	CMCCT
CNB3.1.4 Identifica hábitats de seres vivos	CMCCT

ÁREA de CIENCIAS SOCIAIS	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
CSB1.1.3 Realiza as tarefas e presenta os traballos de forma ordenada, clara e limpa.	CAA CCL CMCCT
CSB2.8.2 Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia	CMCCT
CSB3.2.1 Identifica as principais institucións de Galicia	CSC CCL
CSB2.5.3 Elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais	CMCCT CSC

ÁREA de MATEMÁTICAS	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
MTB2.5.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT CAA
MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea	CMCT CAA CSC
MTB1.5.1 Aмосa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, aceptación da crítica	CMCT CSC CSIEE
MTB.2.4.1 Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división de unha cifra.	CMCT
MTB2.4.3. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental	CMCT CAA

ÁREA de VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade	CSC
VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas	CSIEE CSC
VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar.	CSC
VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.	CAA CSIEE
VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	CSC CSIEE

ÁREA de EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
EPB1.1.3. Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic.	CCEC CCL CAA
EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.	CSC CSIEE
EPB2.4.2. Elabora bosquexos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza.	CSIEE CAA CCEC
EPB2.1.6. Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc	CCEC CSIEE
EPB2.1.12. Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais	CCEC

ÁREA de EXPRESIÓN na RADIO	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
ERB1.1. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.	CCL
ERB1.2. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos, adecuados ao nivel, imitando modelos.	CCL CAA
ERB1.3. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión.	CCL
ERB2.3. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.	CCL CAA

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Para o seguimento da aprendizaxe a distancia utilizaremos a recollida sistemática do traballo do alumnado (mediante aplicacións telemáticas) e observación posterior para a súa valoración.
	Instrumentos: Escala de estimación e/o listas de cotexo sobre o documentos entregados semanalmente.
Cualificación final	A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continua consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións (sen esquecer nunca o carácter continuo da avaliación) podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades que se propoñen semanalmente expóñense na páxina web do centro, en diferentes entradas por nivel e especialidades. Cólgase un documento en pdf e todos se poden consultar aquí: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Mediante os arquivo en formato PDF que se colgan semanalmente na páxina web do centro, intercámbianse co alumnado e familias actividades online con actividades en formato papel. Inténtase que estas teñan un enfoque globalizado e sexan o máis motivadoras e atractivas posibles para o alumnado. As tarefas tratan de fomentar a parte creativa do alumnado, reforzar a resolución de problemas, a comprensión, expresión... A metodoloxía pode ir cambiando ao longo do trimestre en función das necesidades das familias e do alumnado. Actualmente todo o alumnado deste nivel de EP ten conectividade, todos e todas poden acceder ás tarefas semanais e manteñen comunicación cos mestres/as a través de abalarMóbil e o correo electrónico. Se en algún momento algún alumno/a non tivera conectividade ou maneira de acceder ás tarefas, buscaríase a forma de darlle a mellor resposta educativa mediante chamadas telefónicas, aplicacións de mensaxería, envío de tarefas en papel ou o medio máis axeitado para poder seguir o ritmo de toda a clase.
Materiais e recursos	O alumnado ten ao seu alcance semanalmente un PDF con diferentes tarefas deseñadas a partir de actividades elaboradas pola titora, vídeos online como os de youtube, prensa online e diferentes recursos sacados de páxinas online como aulapt.com, lawebdelmaestro.com, mapas interactivos de Fran Alonso e materiais do repositorio de contidos de abalarMóbil.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A información contida neste documento será trasladada ás familias por medio da páxina web do centro e por medio dun aviso en abalarMóbil cando estea dispoñible na web.</p> <p>Para calquera dúbida ou aclaración do documento estaremos dispoñibles por medio de correo electrónico, abalarMóbil e, de ser necesario, vía telefónica.</p>
Publicidade	<p>Publicarase este documento na páxina web do centro.</p>